

# PROGRAMACIÓN ABREVIADA 2º BACHARELATO

## OBXECTIVOS XERAIS

**OBX1** Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.

**OBX2** Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.

**OBX3** Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

**OBX4** Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

En cada avaliación a cualificación obtérase a partir dos seguintes criterios:

- As probas escritas puntuarán o 80% da nota (8 puntos). Haberá dúas probas escritas por avaliación cun valor de 4 puntos cada unha delas que corresponderán con cadansúa parte dos exames modelo da abau.
- Libro de lectura: 10% (1 punto). Será avaliado de forma oral ou escrita e cualificado da seguinte maneira: 0,5 referido á comprensión lectora e interpretación do contido da obra e o outro 0,5 referido á expresión oral/escrita atendendo á coherencia, corrección e adecuación comunicativas.
- Expresión escrita e comentarios de texto: 10% (1 punto). O alumnado poderá entregar ao longo do trimestre actividades de análise e comentario de textos de distinta tipoloxía, ou outras tarefas que se lle soliciten diariamente para realizar

tanto na aula como na casa. polas que poderá obter ata 0,25 puntos por cada un.

Estes traballos poderán puntuar ata un máximo de 1 punto.

- Oralidade. Valorarase o uso da lingua galega cun 5% da nota da avaliación ( 0,5 puntos). Como a lingua vehicular é a galega, nos casos que existan dificultades valorarase e esforzo e o progreso. Non se descarta a posibilidade de exposicións orais que serán cualificadas ata o máximo de 0,5 puntos, que se sumarán á nota final.

-A asistencia ás probas escritas e orais é obrigatoria. O alumnado que non asista entregará á profesora un xustificante de asistencia ao médico na menor brevidade posible. A xustificación será aceptada se é unha cita hospitalaria ou dunha enfermidade leve. No caso de revisións non necesarias en horario escolar, ou de entrega dun simple xustificante do pai/nai ou titor legal, o profesor decidirá se realizarlle outro día a proba ou non, acolléndose a que só é obrigatoria unha proba por avaliación.

-A cualificación das tarefas escritas (probas de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc.) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.

-O tratamento das faltas de ortografía farase do mesmo xeito ca nas probas ABAU enunca se descontará máis dun 2 na nota final do exame (0,2 por faltas moi graves; 0,1 por faltas graves e 0,05 por faltas leves)

-A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).

-A nota mínima de cada avaliación para facer media coas outras avaliacións será CATRO (4).

-As notas medias calcularanse sempre a partir das notas numéricas reais e non das notas redondeadas en boletíns.

### **RECUPERACIÓN DE MAIO** (Avaliación ordinaria)

Non haberá recuperación por exame. Na avaliación ordinaria de maio, o alumnado que teña unha avaliación ou dúas suspensas cunha cualificación de 4 puntos, poderá facer media coas outras avaliacións; se ten menos de 4 puntos, deberá recuperar a avaliación correspondente ou ambas as dúas. Quen teña as tres avaliacións cunha nota inferior a 4

puntos deberá presentarse a un exame final de toda a materia. A recuperación será só das probas escritas e manteranse as cualificacións dos demais apartados, que serán tidas en conta para a nota final.

### **RECUPERACIÓN DE XUÑO** (Avaliación extraordinaria)

Consistirá nun único exame global de toda a materia de 2º de Bacharelato, tendo que conseguir un CINCO (5) sobre 10 para obter o aprobado.

### **ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 1º BACH:**

Contidos esixibles: os contidos que se han de traballar e avaliar serán os de LINGUA E LITERATURA GALEGA establecidos como mínimos para o curso segundo se establecen na programación do departamento. Prestaráselles especial atención aos non presentes no curso seguinte.

Actividades de reforzo. Consistirán en traballos que inclúan documentación, análise, creación etc. O alumnado coa materia pendente de 1º BACH que entregue as propostas de traballo nos prazos indicados e aprobe a materia no curso actual, aprobará a materia→ O alumnado que non aprobe a materia no curso actual, ademais da realización das actividades antes citadas (que poderá supor ata un 20% da nota final), deberá realizar unha proba escrita no mes de maio (80 % da nota final).

## **LIBROS DE LECTURA**

### **1ª Avaliación**

Pepa a Loba, Carlos Reigosa

### **2ª Avaliación**

O sol do verán, Carlos Casares

### **3ª Avaliación:** poderase escoller entre

Os vellos non deben de namorarse, Castelao

Comedia bífida, Núñez Singala